

## CONCELLOS

### **O BARCO DE VALDEORRAS**

#### ANUNCIO

O Pleno do Concello aprobou definitivamente na sesión do 31/08/2000 a “Ordenanza municipal sobre protección contra ruídos e vibracións”. En cumprimento do disposto no art. 70.2º da Lei 7/1985, publícase integramente o seu texto.

O Barco de Valdeorras, 26 de setembro de 2000.- O alcalde.

#### *Ordenanza municipal sobre protección contra ruídos e vibracións.*

##### Capítulo primeiro

##### Disposicións xerais

Art. 1.- A presente ordenanza regula a actuación municipal para a protección do medio ambiente contra as perturbacións por ruídos e vibracións no termo municipal do Barco.

Art. 2.- Correspóndelle ao Concello exercer o control do cumprimento da presente ordenanza, esixir que se adopten as medidas correctoras necesarias, sinalar limitacións, ordenar cantas inspeccións sexan precisas e aplicar as sancións correspondentes no caso de incumprirse o ordenado. Para tal fin, o Concello realizará auditoría acústicas periódicas para determinar por zonas o grao de cumprimento da presente ordenanza.

##### Capítulo segundo

##### Criterios de prevención urbana

##### Art. 3.-

1. A presente ordenanza é de obrigado cumprimento para toda actividade que se atope en funcionamento, exercicio ou uso, e comporte a produción de ruídos molestos ou perigosos e vibracións.

2. Esta ordenanza será orixinariamente esixible a través dos correspondentes sistemas de licenzas e autorizacións municipais para toda clase de construcións, demolicións, obras na vía pública e instalacións industriais, comerciais, recreativas, musicais, feiras, espectáculos e de servizos, e cantas relacionan nas normas de uso do Planeamento municipal do Barco, así como para as ampliacións de reformas que se proxecten ou executen a partir da vixencia desta ordenanza e, de ser o caso, como medida correctora esixible, de conformidade co establecido no Regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas, do 30 de novembro de 1961.

##### Art. 4.-

1. Quedan sometidas ás súas prescricións, de obrigada observancia dentro do termo municipal, todas as instalacións, aparellos, construcións, obras, vehículos, medios de transporte e, en xeral, todos os elementos, actividades,

actos e comportamentos que produzan ruídos e vibracións que poidan ocasionar perigosidade á veciñanza ou que modifiquen o estado natural do ambiente circundante, calquera que sexa o seu titular, promotor ou responsable e o lugar, público ou privado, aberto ou pechado, no que estea situado.

2. En particular, a presente ordenanza será de aplicación nos casos seguintes, entre outros:

- a.- organización do transporte e do tráfico en xeral,
- b.- recollida de residuos sólidos,
- c.- situación de centros educativos, sanitarios e lugares de residencia,
- d.- illamento acústico na concesión de licenzas de obras de instalacións e apertura,
- e.- planificación e proxecto de vías de circulación cos seus elementos de illamento e amortecemento acústico (distancia a edificacións, arborizado, defensas acústicas por muros illantes-absorbentes, especialmente en vías elevadas e semisoterradas, etc).

3. Os proxectos de obras, instalacións industriais, comerciais, de servizos que poidan provocar ruídos ou vibracións, deberán ir acompañados dun estudo acústico ao que fai referencia o artigo 4 da Lei 7/1997, do 11 de agosto, co contido previsto no artigo 11 do decreto 150/1999 do 7 de maio.

### Capítulo terceiro

#### Cráterios de prevención específica

##### Sección 1 – Ruídos de vehículos

Art. 5.- Os condutores de vehículos de motor, excepto os que serven de vehículos das forzas de seguridade, Servizo de Extinción de Incendios, Salvamentos e outros vehículos destinados aos servizos de urxencias, absteranse de facer uso dos seus dispositivos acústicos en todo o termo municipal durante as vinte e catro horas do día, incluso no suposto de calquera dificultade ou imposibilidade de tránsito que se produza na calzada das vías públicas. Só será xustificante a utilización instantánea de avisadores acústicos en casos excepcionais de perigo inmediato de accidente que non poidan evitarse por outros sistemas.

Art. 6.- Queda prohibido utilizar dispositivos que poidan anular a acción do silenciador, ou forzar as marchas por exceso de peso.

Art. 7.- O escape de gases debe estar dotado dun dispositivo silenciador das explosións, de forma que en ningún caso se chegue a un nivel de ruídos superior ao que se establece para cada unha das categorías de vehículos; o dispositivo silenciador non poderá pólo fóra de servizo o condutor, nin estar incompleto, inadecuado ou deteriorado.

Art. 8.- Cando a Policía Local estime que un vehículo en circulación puidera superar os niveis sonoros máximos permitidos, de acordo co preceptuado no RD 1398/1993, levantará atestado do feito, indicándolle ao titular do vehículo a obriga de presentalo no lugar e horario preciso para o seu recoñecemento e inspección. Tal actuación iniciará o oportuno expediente sancionador. Se, despois de inspeccionar o vehículo, non superase os niveis sonoros permitidos, a denuncia será sobresaída.

Sección 2.- Comportamento dos cidadáns na vía pública e na convivencia diaria.

Art. 9.-

1. A produción de ruídos na vía pública e nos lugares de pública concorrencia, ou no interior dos edificios, deberá ser mantida dentro dos límites que esixe a convivencia cidadá.

2. Os preceptos desta sección refírense a ruídos producidos por:

a) Ton excesivamente algo da voz humana ou a actividade directa das persoas, quedando prohibido:

a.1 Berrar, vociferar especialmente no horario nocturno.

a.2 Calquera tipo de ruído que se poida evitar no interior da casa, en especial dende as dez da noite ata as oito da mañá, producido polas reparacións de materiais ou mecánicas de carácter doméstico, cambio de mobles ou pola utilización doutros aparellos domésticos.

b) Sons e ruídos emitidos por animais domésticos sendo os seus donos os responsables de adoptar as medidas necesarias, sen prexuízo das disposicións que establezan os estatutos da comunidade de propietarios.

c) Aparellos e instrumentos musicais ou acústicos, sendo os propietarios ou usuarios dos aparellos de radio e televisión, magnetófonos, tocadiscos, altofalantes, pianos ou outros instrumentos musicais ou acústicos os que deberán axustar o seu volume de forma que non excedan os niveis establecidos no capítulo IV.

Do mesmo xeito prohibese na vía pública e en zonas de pública concorrencia (rúas, prazas, parques, terrazas de establecementos públicos, etc.) accionar aparellos de radio e televisión, equipos e instrumentos musicais, megáfonos e altofalantes así como emitir mensaxes publicitarias e outras actividades cando superen os niveis máximos do capítulo IV para o ambiente exterior. A pesar disto, en circunstancias especiais, a autoridade poderá autorizar estas actividades. Esta autorización será concedida en cada caso polo Concello, que poderá denegalas cando se aprecie a inconveniencia de perturbar, aínda que sexa temporalmente, a veciñanza ou os usuarios/as do contorno.

d) Calquera outra actividade que implique unha perturbación por ruídos da veciñanza entenderase incurso no réxime sancionador da presente ordenanza.

Art. 10.- Os ensaios ou reunións musicais, instrumentais ou vocais, baile ou danza e as festas privadas ateranse ao que se estableceu no artigo antedito.

Sección 3.- Traballos na vía pública que produzan ruídos.

Art. 11.-

1. Os traballos temporais, así como as obras de construción, públicas ou privadas, salvo nos casos de forza maior, deberán realizarse obrigatoriamente entre as 8 e as 22 horas se producen un incremento sobre o nivel de fondo dos niveis sonoros do interior das propiedades alleas. Os equipos empregados non poderán acadar a cinco metros de distancia niveis de emisión externa (NEE) superiores a 90 dB (A), polo que se adoptarán as medidas correctoras que procedan. Cando por razóns de necesidade os traballos tiveran que pasar os ditos límites, os promotores deberán pedir a autorización expresa do Concello, que será concedida sempre que concorran as ditas razóns de necesidade e sexan debidamente xustificadas.

2. Exceptúase a prohibición de traballar en horas nocturnas ás obras urxentes por razóns de necesidade ou perigo, ou aquelas que polos seus

inconvenientes non podan facerse de día. O traballo nocturno deberá ser autorizado, expresamente, pola autoridade municipal, que determinará os límites sonoros que deberá cumprir.

Art. 12.- As actividades de carga e descarga de mercadorías, manipulación de caixas, materiais de construción e obxectos semellantes na vía pública, excepción feita das encamiñadas á recollida do lixo ou os servizos análogos de titularidade pública, e sen prexuízo do establecido no artigo 16 da Ordenanza de circulación do Concello do Barco, prohíbense dende as 22:00 ás 8:00 horas se producen un incremento sobre o nivel de fondo dos niveis sonoros permitidos do interior das propiedades alleas. No horario restante da xornada deberán realizarse co máximo coidado, coa finalidade de minimizar as molestias e reducilas ás estritamente necesarias.

Sección 4.- Máquinas e aparellos susceptibles de produciren vibracións.

Art. 13.- Non poderá instalarse ningunha máquina ou elemento móbil susceptible de producir e transmitir vibracións en paredes, teitos, forxados ou outros elementos estruturais das edificacións sen a autorización municipal expresa. En casos excepcionais nos que se acredite por un técnico competente que non se produce molestia ningunha á veciñanza, ou ben se instalen os correspondentes elementos correctores, ou ben o alongamento ou o illamento da actividade respecto ás vivendas máis próximas sexa dabondo, trala valoración destas circunstancias polos servizos municipais competentes, poderase autorizar a instalación.

Non se permitirá a modificación da maquinaria relacionada no proxecto que sirva de base para autorizar a apertura sen a autorización municipal expresa. A modificación da maquinaria sen a autorización municipal á que se fai referencia no presente artigo levará de seu a caducidade automática da licenza de apertura do establecemento.

Art. 14.- Non se permitirá ningunha vibración que sexa detectable sen instrumentos de medida nos lugares nos que se faga a comprobación. Para a súa corrección disporanse bancadas independentes da estrutura do edificio e do solo do local, así como manguitos elásticos, montaxes flotantes, etc, e outros dispositivos antivibratorios para todos aqueles elementos orixinais de vibración.

Art. 15.- Todo elemento con órganos móbiles manterase en perfecto estado de conservación, principalmente no que se refire ao seu equilibrado dinámico e estático, así como á suavidade da marcha dos seus coxíns ou camiños de rodaxe.

Art. 16.- As máquinas de arranque violento, as que traballen por golpes ou choques bruscos e as dotadas de órganos con movemento alternativo, deberán estar ancoradas en bancadas independentes sobre o chan firme e illadas da estrutura da edificación e do chan do local por medio de materiais absorbentes da vibración.

Art. 17.- As máquinas susceptibles de produciren vibracións a criterio dos técnicos municipais situaranse preferentemente de xeito que as súas partes máis saíntes, ao final da carreira de desprazamento, queden a unha distancia mínima de 0,70 metros dos muros perimetrais e forxados, debendo erguerse a un metro de distancia cando se trate de elementos medianeiros.

Art. 18.- Os condutos polos que circulen fluídos líquidos ou gasosos en forma forzada, conectados directamente con máquinas que teñan órganos en movemento, disporán de dispositivos de separación que impidan a transmisión

das vibracións xeradas por estas máquinas. As bridas e os soportes dos condutores terán elementos antivibratorios. As aberturas dos muros para o paso das conducións reencheranse con materiais absorbentes da vibración.

Art. 19.- Nos circuítos de auga coidarase de que non se presente o “golpe de ariete”, e as seccións e dispositivos das válvulas e billame terán que ser de forma que xustifiquen que o fluído circule por elas en réxime laminar para os gastos nominais.

Art. 20.- A instalación dos elementos citados nos artigos anteriores efectuarase con interposición de elementos antivibratorios axeitados, dos que a idoneidade deberá xustificarse plenamente nos correspondentes proxectos.

Sección 5.- Máquinas e aparellos susceptibles de produciren ruídos.

Art. 21.- A partir da vixencia desta ordenanza non se permitirá, nin nas vías públicas nin nas actividades ou establecementos, máquinas e instalacións que orixinen niveis sonoros superiores aos límites sinalados no capítulo IV.

Art. 22.- A partir da vixencia desta ordenanza os equipos das instalacións de aire acondicionado, ventilación ou refrixeración, como ventiladores, extractores, unidades condensadoras e evaporadoras, compresores, bombas, torres de refrixeración e outras semellantes, non orixinarán nos edificios propios, lindeiros ou próximos, niveis sonoros nin vibracións superiores aos límites establecidos no capítulo IV.

Art. 23.- Con independencia das restantes limitacións desta ordenanza, no interior de calquera espazo pechado ou aberto, destinado a reunións, espectáculos, ou audicións musicais (discotecas e semellantes), non poderán superarse niveis ou emisións externas ou internas sonoros máximos a 90 dB(A) en ningún punto do local destinado ao uso dos clientes, agás que no acceso ou accesos do referido espazo se coloque o aviso seguintes: “Os niveis sonoros do interior poden producir lesións permanentes no oído”. O aviso deberá ser perfectamente visible, tanto pola súa dimensión como pola súa iluminación.

Art. 24.- Excepto en circunstancias excepcionais, prohíbese facer soar durante a noite elementos de aviso, como sereas, alarmas, campás ou semellantes.

Art. 25.-

1. Prohíbese facer soar, excepto por causas xustificadas, calquera sistema de aviso, alarma e sinalización de emerxencia (por roubo, incendio, etc).

2. Así e todo, autorízanse probas e ensaios de aparellos de alarma e emerxencias, que serán de dous tipos:

a) Excepcionais: serán as que deben realizarse inmediatamente despois da súa instalación ou reparación. Poderán efectuarse dentro do horario da xornada laboral.

b) Rutineiras: serán as de comprobación periódica dos sistemas de alarma. Só se poderán realizar unha vez ao mes nun intervalo máximo de cinco minutos, dentro do horario anteriormente indicado da xornada laboral. A policía municipal deberá coñecer previamente o plano destas comprobacións, con expresión do día e da hora na que se realizarán.

3. Os posuidores de alarmas terán a obriga de facilitarlle á Policía Local deste Concello un teléfono ou teléfonos de contacto para, no caso de que as ditas alarmas soen, podelos avisar. Estarán na obriga de acudir inmediatamente para desactivar a alarma. No caso de non facilitar o número ou non poder contactar, ou non acudir, poderase desactivar a dita alarma sen

que o Concello ou a persoa que o representa sexan responsables de posibles actuacións delituosas posteriores.

Sección 6.- Condicións de instalación e apertura de actividades.

Art. 26.-

1. As condicións esixidas nos locais situados en edificios habitados ou con influencia sobre eles e destinados a calquera actividade que poida considerarse como foco de ruído, serán as seguintes:

a) Os elementos construtivos horizontais e verticais de separación entre calquera instalación ou actividade que poida considerarse como un foco de ruído e todo outro recinto contiguo deberán garantir un illamento bruto mínimo, medidos segundo o procedemento descrito na UNE-EN ISO 140-4, con respecto aos locais adxacentes que se expresa na táboa en función da zona de sensibilidade acústica e do horario de funcionamento de actividade.

Illamento mínimo acústico global de cara a ambientes interiores en DbA excepto en paredes ou elementos construtivos horizontais de separación de salas de máquinas (art. 17 da NBE-CA/88) e separación de forxados de primeira planta cando a dita planta sexa residencial e na planta baixa poidan localizarse usos susceptibles de produciren ruídos ou vibracións (art. 6.2 da Lei 7/1999), que será sempre igual ou superior a 55 DbA.

Zona A, de 8:00 a 22:00 horas 60 dBA; de 22:00 a 8:00 horas 65 dBA.

Zona B, de 8:00 a 22:00 horas 55 dBA; de 22:00 a 8:00 horas 60 dBA.

Zona C-D, de 8:00 a 22:00 horas 50 dBA; de 22:00 a 8:00 horas 55 dBA.

b) As condicións acústicas esixidas aos diversos elementos construtivos que compoñen a edificación serán determinadas pola Norma básica da construción sobre condicións acústicas NBE-CA 88 ou calquera outra que a substitúa. No caso de que nun mesmo edificio coexistan usos residenciais no primeiro andar e poidan localizarse na planta baixa, conforme ao planeamento, usos susceptibles de produciren ruídos ou vibracións. Nestes casos o illamento acústico mínimo do forxado medidos segundo a UNE-EN-ISO 140-4, será de 55 db(A).

Zona A, de 8:00 a 22:00 horas 30 dBA; de 22:00 a 8:00 horas 40 dBA.

Zona B, de 8:00 a 22:00 horas (25) 30 dBA; de 22:00 a 8:00 horas 35 dBA.

Zona C-D, de 8:00 a 22:00 horas (20) 30 dBA; de 22:00 a 8:00 horas 30 dBA.

c) Os valores do illamento tamén se refiren aos buratos e mecanismos para a ventilación dos locais emisores, tanto no inverno como no verán.

d) O procedemento que se seguirá para determinar os illamentos acústicos aos que se refire esta ordenanza serán de acordo cos métodos seguidos pola norma UNE-EN-ISO-140-4 . medición "in situ" do illamento ou ruído aéreo entre locais. Para a determinación dos illamentos acústicos dos elementos separadores con ambientes exteriores (fachadas), utilizarase o método descrito pola UNE-ISO-140-1.

e) Poderán permitirse illamentos inferiores cando se trate de actividades realizadas exclusivamente por máquinas, que xeren un ruído máximo do que o seu espectro e nivel total sexa coñecido, e que non se superen en ningún momento. Este aspecto deberá xustificarse no estudo técnico. Nestes casos o illamento mínimo necesario será en función dos niveis esixidos no capítulo IV, e do ruído máximo xerado polas máquinas.

f) Para a realización das medidas de illamento e as comprobacións de nivel sonoro seguiranse os procedementos e recomendacións descritos no

Regulamento de protección contra a contaminación acústica Decreto 150/1999 da Xunta de Galiza.

g) Para darlle validez á toma de medidas de nivel sonoro, deberá situarse o micrófono polo menos en tres posicións no interior do recinto, tomando a medida en cada unha delas. A posición do micrófono deberá estar cando menos a 1 m de calquera elemento vertical, e entre 1,2 e 1,5 m do chan. O valor que se tomará será o nivel calculado coa media das intensidades dos valores para cada posición.

Para o cálculo de intensidade ponderada a partir do nivel dBA, terase en conta o especificado nos anexos ao Regulamento e a Lei de protección.

2. A persoa obrigada a incrementar o illamento ata os mínimos sinalados é o titular do foco de ruído.

3. En relación co punto 1. apartado a), cando o foco emisor de ruído ou vibración sexa un elemento puntual, o tratamento acústico poderá limitarse a dito foco emisor, sempre que con isto se cumpran os niveis esixidos no capítulo IV.

4. O cumprimento das disposicións deste artigo no exime da obriga de axustarse aos niveis do capítulo IV.

Art. 27.-

1. Para conceder a licenza de instalación dunha actividade con equipo de música ou de son que excedan os altosfalantes un rendemento no local de 70 dB(A)/m ou que desenvolva actividades musicais ou cuxo sonógrafo superara máis de tres veces nun mes os límites máximos permitidos, serán requisitos necesarios:

I.- Coa documentación que legalmente se esixa en cada caso, será preciso describir mediante un estudo técnico realizado polo técnico competente describindo os seguintes aspectos da instalación:

a) descrición de todas as fontes de ruído que existan no local, potencias e espectro,

b) descrición do equipo musical e/ou de son, potencia acústica e espectro, asentamento e número de altosfalantes, xustificación do espectro radiado,

c) descrición dos sistemas de illamento acústico, con detalle das pantallas de illamento, especificación do illamento en función das frecuencias e absorción acústica,

d) cálculo xustificativo do tipo de reverberación e illamento,

e) determinación do espectro de ruído máximo que poida haber no local que garante a esixencia de inmisión nos recintos lindeiros expostos na ordenanza.

II.- Será necesaria a instalación dun equipo limitador controlador que permita asegurar, de xeito permanente, que baixo ningunha circunstancia as emisións do equipo musical superen os límites admisibles de nivel sonoro no interior das edificacións adxacentes, así como que cumpran os niveis de emisión ao exterior esixidos por esta normativa. Entregarase un informe de instalación (como mínimo cos seguintes puntos: instalador, código do equipo emisor e do limitador, configuración na que queda instalado, etc.).

Os limitadores controladores deberán intervir na totalidade da cadea de son, de forma espectral, polo menos en bandas de oitavas, sendo a frecuencia máis alta controlada superior a 60 Hz, co obxecto de poder utilizar o máximo nivel sonoro que o illamento acústico do local lle permita. Non está permitido o uso de limitadores globais de banda ancha.

Os limitadores de controladores deberán dispoñer dos dispositivos necesarios que lles permitan facelos operativos, para o cal deberán dispoñer polo menos das seguintes funcións:

- Os limitadores deberán intervir.
- Sistema de calibración interno que permita detectar posibles manipulacións do equipo de emisión sonora.
- Rexistro sonográfico ou de almacenamento dos niveis sonoros que haxa no local emisor, por cada unha das sesións ruidosas, independentemente do funcionamento do equipo musical, con períodos de almacenamento de polo menos catro meses.
- Rexistro de todas as sesións ruidosas coa indicación da data e da hora de inicio e de terminación e os niveis de calibración da sesión.
- Sistema de protección que impida posibles manipulacións posteriores, e se estas fosen realizada, queden almacenadas nunha memoria interna do equipo.
- Almacenamento dos rexistros sonográficos, así como das calibracións periódicas e do sistema de protección a través dun soporte físico estable, de tal xeito que non se vexa afectado por un fallo de tensión, polo que deberá estar dotado dos necesarios elementos de seguridade.
- O elemento sensor do sonógrafo (micrófono) deberá ir instalado nun lugar visible dende a entrada do local, na zona que caracterice na maior medida o nivel sonoro existente en todo o local (zona central), fóra do alcance natural dos clientes ou protexido contra posibles accións indesexadas.
- Poderase aceptar a instalación de equipos que, sen reunir exactamente as características mínimas indicadas, dispoñan doutras características ou funcións que suplan as carencias fronte a estas.

III.- As actividades legalmente constituídas ou en trámite de autorización na entrada en vigor da presente ordenanza, deberán adaptarse ao previsto no presente apartado, no suposto de que existan denuncias e se comprobén que superan os límites previstos no artigo 32 desta ordenanza.

Art. 28.- Para conceder a licenza de instalación de actividades industriais serán requisitos necesarios:

I.- Coa documentación que legalmente se esixa en cada caso, será preciso describir, mediante un estudo técnico, as medidas correctoras previstas referentes ao illamento acústico e ás vibracións. Este estudo, que formará parte do proxecto que se presente, en cumprimento do Regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas do 30 de novembro de 1961, constará, como mínimo, dos seguintes apartados:

- a) descrición do local, coa especificación dos usos dos locais lindeiros e a súa situación con respecto ás vivendas,
- b) detalle das fontes sonoras e vibratorias,
- c) niveis de emisión acústica das ditas fontes a un metro de distancia, especificándose as gamas de frecuencias,
- d) descrición das medidas correctoras previstas e xustificación da súa efectividade, tendo en conta os límites establecidos nesta ordenanza.

Para a concesión da licenza de apertura comprobarase previamente se a instalación se axusta ao servizo técnico e a efectividade das medidas correctoras adoptadas para o cumprimento da presente ordenanza.

II.- Será necesaria a instalación dun sonógrafo rexistrador que rexistre os niveis sonoros existentes dentro do local en cada intre. E deberá ter como mínimo as seguintes características:

- Sistema de calibración interna que permita detectar posibles manipulacións do equipo de emisión sonora.
- Rexistro sonográfico ou de almacenamento dos niveis sonoros habidos no local emisor, para cada unha das sesións ruidosas, con capacidade de almacenamento de polo menos catro meses.
- Rexistro de todas as sesións ruidosas con indicación da data e da hora de inicio e de remate e niveis de calibración da sesión.
- Sistema de protección que impida posibles manipulacións posteriores, e se estas fosen realizadas, queden almacenadas nunha memoria interna do equipo.
- Almacenamento dos rexistros sonográficos, así como das calibracións periódicas e do sistema de protección a través de soporte físico estable, de tal xeito que non se vexa afectado por un fallo de tensión, polo que deberá estar dotado dos necesarios elementos de seguridade.
- O elemento sensor do sonógrafo (micrófono) deberá ir instalado nun lugar visible dende a entrada do local, na zona que caracterice na maior medida o nivel sonoro existente en todo o local (zona central), fóra do alcance natural dos clientes ou protexido contra posibles accións indesexables.
- Poderá aceptarse a instalación de equipos que, sen reuniren exactamente as características mínimas indicadas, dispoñan doutras características ou funcións que suplan as carencias fronte a estas.

III.- As actividades legalmente constituídas ou en trámite de autorización na entrada en vigor da presente ordenanza, deberán adaptarse ao previsto no presente apartado, no suposto de que existan denuncias e se comprobén que se superan os límites previstos no artigo 32 desta ordenanza.

Art. 29.- Todas as actividades susceptibles de produciren molestias por ruído deberán exercer a súa actividade coas portas e ventás pechadas.

#### Capítulo cuarto

Características de medición e límites de nivel de ruído.

Art. 30.- A determinación dun nivel sonoro realizarase e expresarase en decibelios ponderados, conforme á rede de ponderación normalizada a dB(A). Para a determinación do nivel sonoro empregarase calquera dos aparellos permitidos pola lexislación vixente.

Art. 31.- A valoración dos niveis sonoros que establece a presente ordenanza rexerase polas seguintes normas:

1.- A medición levarase a cabo, na medida do posible, no lugar no que o seu nivel sexa máis alto e, se, for preciso, no momento e na situación en que as molestias sexan máis acusadas.

2.- Os donos, posuidores ou encargados dos xeradores de ruídos facilitaranlles aos técnicos municipais o acceso ás súas instalacións ou focos xeradores de ruídos, e disporán o seu funcionamento ás distintas velocidades, cargas, marchas ou volume que lles indiquen os ditos técnicos. Asemade, poderán presenciar o proceso operativo.

3.- Terán validez, en todo caso, as medicións efectuadas polos sonógrafos permanentes instalados de acordo cos artigos 28 e 29 desta ordenanza.

Corresponderalle, en todo caso, ao presunto infractor a carga da proba do defectuoso funcionamento do sonómetro permanente.

Art. 32.-

1.- Os valores máximos de recepción do ruído no ambiente exterior (nivel de presión acústica eficaz ponderado e coa media nun minuto) en  $L_{pAeq}$ :

Zona de sensibilidade acústica:

A.- Sanitario, docente, cultural ou espazos protexidos, de 8.00 a 22.00 horas, 60; de 22.00 a 8.00 horas, 50.

B.- Vivendas, hotéis e centros históricos, de 8.00 a 22.00 horas, 65; de 22.00 a 8.00 horas, 55.

C.- Restaurantes, bares, locais ou centros comerciais, de 8.00 a 22.00 horas, 70; de 22.00 a 8.00 horas 60.

D.- Sistemas xerais de infraestrutura viaria, ferroviaria ou outros equipos públicos, verbenas, feiras, etc., de 8.00 a 22.00 horas, 75; de 22.00 a 8.00 horas, 65.

2.- Os valores de recepción do ruído no ambiente interior, medidos cos mesmos criterios que o anterior son:

Zonas de sensibilidade acústica (lugar para medir).

Equipamentos sanitarios en xeral, de 8.00 a 22.00 horas, 30; de 22.00 a 8.00 horas, 30 (25).

Centros educativos ou lugares destinados á educación, de 8.00 a 22.00 horas 40 (30); de 22.00 a 8.00 horas 30 (25).

Lugares de ocio (cines, museos, salas de exposicións, etc.), de 8.00 a 22.00 horas, 40; de 22.00 a 8.00 horas 40 (35).

Servizos de lugares destinados a hospedaxe, de 8.00 a 22.00 horas 40 (35); de 22.00 a 8.00 horas, 30.

Oficinas en xeral, de 8.00 a 22.00 horas, 45; de 22.00 a 8.00 horas, 45.

Comercio, de 8.00 a 22.00 horas, 40; de 22.00 a 8.00 horas, 35.

Industria, de 8.00 a 22.00 horas, 55; de 22.00 a 8.00 horas, 55.

Residencial habitacións de vivendas particulares e de establecementos de hospedaxe, de 8.00 a 22.00 horas, 35; de 22.00 a 8.00 horas, 30.

Salas de estar, cociñas, corredores e aseos de vivendas particulares, de 8.00 a 22.00 horas, 40; de 22.00 a 8.00 horas, 35.

Zonas de acceso común, patios interiores e fachadas posteriores, de 8.00 a 22.00 horas, 50; de 22.00 a 8.00 horas, 40.

3.- Os niveis máximos de nivel sonoro producido por vehículos son:

Vehículos:

De 8.00 a 22.00 horas, 65 dBA; de 22.00 a 8.00 horas, 55 dBA.

## Capítulo quinto

Características de medición e límites de nivel de vibracións.

Art. 33.- Para a determinación do nivel de vibracións empregárase calquera dos aparellos permitidos pola lexislación vixente, en especial os sinalados no artigo 5.6 do anexo ao Decreto 150/1999, do 7 de maio (Regulamento de protección contra a contaminación acústica). As curvas base ás que fai referencia a presente ordenanza son as da figura 5.a (vibracións en edificios) da norma ISO-2631-2.

Art. 34.- Os valores de recepción ás vibracións no ambiente interior son as que de seguido se indican:

Uso do recinto afectado; período; curva base

Sanitario: diúrno, 1; nocturno, 1  
Residencial: diúrno, 2; nocturno, 1,4  
Oficinas: diúrno 4; nocturno, 4  
Almacén e comercial: diúrno 8; nocturno 8.

## Capítulo sexto

### Infraccións e sancións

Art. 35.- Consideraranse infraccións administrativas as accións ou omisións que contraveñan as disposicións desta lei. As infraccións clasificaranse en leves, graves e moi graves, de conformidade coa tipificación contida nos artigos seguintes.

Art. 36.- Constitúen faltas leves:

- a) a superación dos límites admitidos ata 5 dB(A),
- b) a transmisión de niveis de vibración correspondentes á curva base inmediatamente superior á máxima admitida para cada situación,
- c) calquera outra infracción ás normas desta lei non cualificada expresamente como falta grave ou moi grave,
- d) a realización das actividades non permitidas polo artigo 7 da Lei 7/1997,
- e) a circulación de vehículos de motor co escape libre e con silenciadores ineficaces, incompletos, non axeitados ou deteriorados,
- f) a non presentación dos vehículos nas inspeccións,
- g) a desconexión ou a manipulación dos sistemas de rexistro-limitación ou sonógrafos.

Art. 37.- Constitúen faltas graves:

- a) a superación en máis de 5 dB(A) dos valores límite admitidos,
- b) a transmisión de niveis de vibración correspondentes a dúas curvas base inmediatamente superiores á máxima admitida para cada situación,
- c) a vulneración expresa dos requirimentos municipais para a corrección das deficiencias observadas,
- d) a negativa ou a obstrución ao labor inspector. Considerarase, en todo caso, como resistencia á actuación inspectora impedirles aos funcionarios competentes a entrada nos recintos e nos locais en que se deban realizar as inspeccións (ver o artigo 14 da Lei 7/1997),
- e) a reincidencia de tres faltas leves no prazo de doce meses,
- f) a iniciación de actividades ou a apertura de establecementos e instalacións susceptibles de produciren ruídos ou vibracións sen obter previamente a autorización ou a licenza,
- g) a transgresión ou o incumprimento das condicións impostas na autorización ou na licenza, así como a non adopción, dentro do prazo concedido, das medidas correctoras sinaladas polo órgano competente. Neste último suposto, os suxeitos responsables poderán evitar a imposición da sanción se realizan voluntariamente a paralización ou a non iniciación da actividade.

Art. 38.- Constitúen faltas moi graves:

- a) a superación en máis de 15 dB(A) dos valores límite admitidos,
- b) a transmisión de niveis de vibración correspondentes a máis de dúas curvas base inmediatamente superiores á máxima admitida para cada situación,
- c) a reincidencia en faltas graves no prazo de doce meses,

d) o incumprimento das ordes de clausura dos establecementos ou de paralización da actividade acordadas pola autoridade competente.

Art. 39.- As infraccións aos preceptos desta lei sancionaranse da seguinte maneira:

- a) Infraccións leves, cunha multa de 10.000 ata 250.000 ptas.
- b) Infraccións graves, cunha multa de 250.001 ata 1.500.000 ptas., o peche temporal do establecemento ou a paralización da actividade por un espazo non superior a seis meses.
- c) Infraccións moi graves, cunha multa de 1.500.001 ata 10.000.000 ptas., o peche do establecemento ou a paralización da actividade por un espazo superior a seis meses ou con carácter definitivo.

Sempre que a comisión da infracción se producir por primeira vez e a corrección da emisión de ruído que orixinou a sanción se fixer nun prazo de corenta e oito horas, pola que se reduza ao nivel autorizado, a sanción imporase no seu grao mínimo. En todo caso, o prazo computarase a partir da comprobación da comisión da infracción.

A sanción de peche temporal ou definitiva poderá impoñerse naquelas infraccións nas que se aprecie unha reiterada resistencia ao cumprimento do ordenado pola Alcaldía ou unha actitude manifesta do titular da instalación no sentido de dificultar, falsear ou desvirtuar o resultado da inspección.

Art. 40.- Na resolución que poña fin ao procedemento sancionador poderá acordarse, á parte da imposición da sanción correspondente, a adopción de medidas correctoras, así como a indemnización de danos e perdas ocasionados como consecuencia da actividade infractora. Para a execución dos devanditos actos, se o infractor non os cumprir voluntariamente no prazo que se lle sinale, poderán impórsele multas coercitivas sucesivas de ata 500.000 ptas. cada unha. Igualmente, poderá ordenarse a execución subsidiaria nos termos previstos no artigo 98 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Art. 41.- Cando os establecementos aos que fan referencia os artigos 26 e 27 da presente ordenanza instalasen un mecanismo limitador do nivel sonoro que impida a emisión de ruídos por riba dos niveis máximos permitidos, non poderán ser sancionados cando, por calquera motivo alieo á vontade dos titulares, fallar o limitador, sempre e cando, unha vez detectado o fallo se faga a súa inmediata corrección.

Para que o precepto anterior poida ser de aplicación, o mecanismo limitador ten que estar supervisado e comprobado polos servizos técnicos do concello ou por unha empresa habilitada pola Xunta de Galicia e determinada polo Concello, e non poderá ser manipulado por persoal alieo aos devanditos servizos.

A manipulación do mecanismo limitador por persoal alieo aos servizos técnicos municipais fará inaplicable o precepto contido no primeiro parágrafo da presente disposición.

Art. 42.- As infraccións ás que se refire esta lei prescribirán nos seguintes prazos, dende a comisión do feito:

- a) seis meses, no caso de infraccións leves,
- b) dous anos, no caso de infraccións graves,
- c) catro anos, no caso de infraccións moi graves.

Art. 43.- Con independencia das demais medidas que se adopten para garantir a eficacia da resolución que no seu intre se dite, con carácter cautelar

poderase acordar a inmediata adopción de medidas correctoras imprescindibles para evitar os danos ou as molestias graves que se estean a ocasionar como consecuencia das actividades presuntamente infractoras. Igualmente, e co mesmo carácter cautelar, poderase acordar a paralización da actividade ou a clausura das instalacións ou dos establecementos cando a produción de ruídos ou vibracións supere os niveis establecidos para a súa tipificación como falta moi grave, ou ben cando, despois de acordar a adopción de medidas correctoras, o requirimento municipal resultase incumprido no prazo que para o efecto se sinale. Tamén poderá acordarse o precinto de equipos, así como calquera outra medida que se considere imprescindible para evitar a persistencia na actuación infractora. As devanditas medidas adoptaranse tras a audiencia do interesado, por un prazo de cinco días, agás naqueles casos que esixan unha actuación inmediata.

Disposición adicional primeira.- Para os efectos da presente ordenanza, e mentres non aprobe o Concello do Barco un mapa do termo municipal en que se determinen as zonas de sensibilidade acústica, estas entenderanse determinadas polo uso do solo establecido dentro do planeamento municipal. Corresponderalle ao Concello do Barco determinar en cada caso a zona de sensibilidade acústica equivalente de acordo co uso ao que estea afecto o solo dentro do Plano xeral de ordenación urbana.

Disposición adicional segunda.- O Concello creará un rexistro municipal de denuncias en que se levará a relación cronolóxica de todas as denuncias presentadas, así como o seu estado de tramitación. Tal rexistro será de acceso público.

Disposición adicional terceira.- Para a solución de conflitos o Concello poderá promover a creación dun órgano de mediación do que formarán parte representantes da administración, dos empresarios e dos/as veciños/as, en que a súa misión será mediar nos conflitos que se deriven da aplicación da presente ordenanza.

Disposición adicional cuarta.- En todo o non previsto na presente ordenanza haberá que averse ao disposto na Lei 7/1997 do 11 de agosto e no Decreto 150/1999, do 7 de maio.

Disposición derradeira.- A presente ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación.

**R. 12.059**

